

RESOLUCIÓN RELATIVA Á AMPLIACIÓN DA LISTA DE AGARDA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL NA CATEGORÍA DE LIMPADOR/A POLA FUNDACIÓN UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, M.P., PARA OS CAMPOS UNIVERSITARIOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DE LUGO.

Con data do 18 de maio do 2022 publicáronse as bases e a convocatoria para a formación dunha lista de agarda para contratacións laborais temporais, na categoría de limpador/a, pola Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P., para os Campus universitarios de Santiago de Compostela e de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela.

Conforme ao disposto na base 2ª da convocatoria, a lista de agarda estará conformada por un total de 60 candidatos/as para o Campus de Santiago de Compostela e de 30 candidatos/as para o Campus de Lugo.

Transcorridos dous anos desde a formación da lista de agarda, o número de persoas que a integran, así como as concretas vicisitudes derivadas dos chamamentos que se veñen realizando, fan que a lista resulte manifestamente insuficiente para atender ás necesidades que con ela pretenden ser cubertas, especialmente no que respecta ao Campus de Lugo. Esta falta de cobertura esixe ampliar a lista de agarda para contratacións laborais temporais na categoría de limpador/a para alcanzar, polo menos, ata un total de 75 candidatos/as para o Campus de Santiago de Compostela e 50 candidatos/as para o Campus de Lugo.

Por outro lado, a proximidade do inicio do curso académico na Universidade de Santiago de Compostela esixe que a lista de agarda sexa conformada coa maior celeridade posible.

Consonte ao exposto, e en virtude da competencia que teño atribuída para «efectuar convocatorias para as contratacións temporais e para a elaboración das listas de agarda» ao abeiro do acordo do padroado do 22 de xuño de 2021, elevado a público en escritura outorgada o 13 de decembro de 2021 ante o Notario de Santiago de Compostela, Marcelino Estévez Fernández, núm. 1.757 de protocolo,

RESOLVO:

Único.- Ampliar a lista de agarda, convocada por resolución do 16 de maio de 2022 e publicada con data do 18 de maio de 2022, para contratacións laborais temporais na categoría de limpador/a pola Fundación Universidade de Santiago de Compostela, M.P.,

de maneira que estea conformada por un total de 75 candidatos/as para o Campus universitario de Santiago de Compostela e 50 candidatos/as para o Campus de Lugo.

As persoas interesadas en formar parte da lista, deberán presentar as súas solicitudes no prazo de quince (15) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente resolución no apartado de «Emprego» da páxina Web da Fundación USC (<https://fundacionusc.gal/gl/fundacion/e-xestions/emprego>), non sendo necesario que as persoas que xa formen parte da lista presenten unha nova solicitude. O modelo de «instancia de solicitude», así como as referidas «bases da convocatoria» que rexen a ampliación e formación da lista de agarda, están dispoñibles na ligazón antedita.

En Santiago de Compostela a 22 de agosto do 2024

O xerente da Fundación USC
Óscar Hermida Otero